



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 16 DE

DECEMBRO DE 2013

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día dezaseis de decembro de dous mil trece, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta Maria Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, dos borradores das actas das sesións ordinarias de datas 25 de novembro, 2 de decembro e 9 de decembro de 2013

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes ás sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local de datas 25 de novembro, 2 de decembro e 9 de decembro de 2013 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou os citados borradores.

2º.- Correspondencia

- Escrito do Ministerio de Xustiza, Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, rexistrado de entrada con data do día 13 de decembro de 2013 co número 16.709, no que comunica que se iniciou o procedemento para a revisión total da demarcación notarial e solicita que se emita informe sobre a conveniencia, necesidade e oportunidade da citada demarcación.

- Escrito do Ministerio de Xustiza, Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, rexistrado de entrada con data do día 13 de decembro de 2013 co número 16.711, no que comunica que se iniciou o procedemento para a revisión total da demarcación rexistral e solicita que se emita informe sobre a conveniencia, necesidade e oportunidade da citada demarcación.

- Resolución de 11 de decembro de 2013, do Instituto de Maiores e Servizos Sociais, do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, pola que se convoca a concesión de prazas para pensionistas que desexen participar no programa de termalismo social. (Boletín Oficial do Estado número 299, do día 14 de decembro de 2013).

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que esta semana se comunicará a data para presentar a solicitude para a segunda licitación de postos na feira.

A continuación, informa que o vindeiro venres, día 20, a partir das 17.30 horas haberá unha festa infantil na praza 1º de maio, na Barcala. Continúa a dicir que haberá inchables, talleres lúdicos, discoteca, etc. Igualmente, o sábado, día 21, haberá outra festa infantil no parque Ramón Barba, na parroquia do Temple e o vindeiro día 4 de xaneiro de 2014 haberá outra festa no parque Ramón Barba, para os rapaces e para os pais. Engade que en caso de chuvia se trasladará a festa da Barcala para o pavillón do instituto Afonso X O Sabio; a festa do Temple trasladarase para o pavillón do Graxal.

Para rematar a súa intervención, dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que está a funcionar o parking exprés na Barcala, dende o venres, día 13.

Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocio Vila Díaz informa que se asinou unha alegación conxunta de todos os voceiros dos grupos municipais respecto ao "proxecto de trazado da obra de actuacións no ámbito metropolitano da Coruña conexión DP-1706-AP na Barcala e San Pedro de Nós-AP-9." Engade que o que solicitan é que se revise o trazado que se presentaba no ano 2004, ou sexa, que retomen esa idea.

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que entre hoxe e mañá remata a pavimentación no polígono industrial do Espírito Santo.

A continuación informa que esta semana se adxudicará a varanda da praza de Manuel Lugrís.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Seguidamente, informa que para o POS 2014, para o principal, se incluírán renovacións de redes de abastecemento, dado que son tramos que están a producir problemas de fugas, ao ser de máis de vinte anos. Engade que para o POS complementario incluírán un saneamento, pluviais e aglomerar a estrada principal en Peiraió.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que o venres día 20 de decembro a partir das 20.00 horas terá lugar un concerto na casa da cultura dun quinteto de corda. Engade que ás 21.00 horas terá lugar a entrega de premios de primeiro concurso fotográfico.

A continuación, informa que o vindeiro sábado día 21, ás 20.00 horas no local da Xuventude de Cecebre terá lugar o concerto do nadal de Sementeira.

O vindeiro domingo día 22, ás 19.00 horas, na casa da cultura, terá lugar un concerto infantil e se fará entrega dos premios aos rapaces que participaron no concurso do cartel de Reis Magos, Engade que é un cambio respecto de anos anteriores, en que os premios se entregaban nos centros, e este ano farán un acto máis aberto na casa da cultura.

O luns, día 23 de decembro, a partir das 18.00 horas, na casa da cultura, haberá conta contos de nadal en inglés, para os nenos e as nenas maiores de 7 anos. Engade que o xoves, día 26, ás 18.00 horas, será para os rapaces entre 2 e 5 anos.

A seguir, informa que o día 26 de decembro, ás 19.00 horas, na Barcala, haberá cine infantil coa proxección da película "Os Pitufos II". Continúa a dicir que o venres, día 27, ás 17.00 horas e ás 19.00 horas haberá cine infantil no Graxal coa proxección da película "Aviones". Engade que repartirán flocos de millo e auga de xeito gratuíto.

A continuación informa que o sábado, día 28 de decembro, ás 19.00 horas, no Graxal, haberá teatro infantil a cargo da fundación Wenceslao Fernández Flórez coa representación da obra "Pero esto es un cuento".

Tamén informa que o pasado venres día 13 tivo lugar a entrega de premios da edición número XXX do certame de pintura Concello de Cambre, coa presenza do primeiro e segundo galardoados así como dos dous accésit. Engade que asistiu o presidente da excma. Deputación Provincial da Coruña.

Para rematar a súa intervención, don Santiago Manuel Rios Rama informa que onte tivo lugar a representación do belen vivente na parroquia de Bribes, con grande afluencia de público.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona María Jesús González Roel informa que dende o departamento de Asuntos Sociais están coas últimas recollidas de alimentos. Engade que agora non ten os datos respecto da cantidade, pero cre que superou amplamente a cantidade do ano pasado.

A continuación informa que tamén tiveron unha entrega de alimentos por parte do banco de alimentos Rías Altas.

Igualmente, informa que os rapaces que o xoves pola tarde adornaron a árbore do concello fixeron unha achega de alimentos. Estes actos organizaronse pola escola infantil "A fraga encantada".

A seguir informa que o día 20 farán unha entrega especial dunha cesta de nadal para os usuarios de servizos sociais.

Dona María Jesús González Roel informa que o sábado, na casa da cultura, tivo lugar a clausura dos talleres "xogando en inglés", á que asistiron máis de cincuenta pais. Engade que quedaron moi satisfeitos da actuación dos nenos.

A continuación informa que practicamente se pechou a inscrición do campamento urbano de nadal e este ano incluíron que, ademais de estar empadroados, terán como preferencia que traballen os dous pais, para os efectos da conciliación da vida familiar. A pesar disto, este ano non houbo que realizar o sorteo, entraron todas as persoas que o solicitaron.

Igualmente, informa que este venres pola tarde comezaron as charlas informativas sobre normas e consellos para caminar con seguridade. Continúa a dicir que a primeira charla se impartiu na sala da Asociación da Terceira Idade de Cambre. Di que está organizado entre a Policía Local, a Dirección Xeral de Tráfico e o Concello de Cambre e se fará unha charla en cada parroquia. Entregarán uns chalecos co fin de que as persoas se conciencien de que deben ir visibles pola rúa.

A seguir, informa que o mércores recibiron a visita da delegación caboverdiana a través do Fondo Galego de Colaboración, á que asistiron algúns grupos políticos. Visitaron a igrexa e o museo romado de Cambre. Igualmente, presentaron os logros que, a través do Fondo Galego de Cooperación, se fixeron en Cabo Verde. Di que veu a única muller alcaldesa das illas.

Dona María Jesús González Roel quere felicitar ao colexio Wenceslao Fernández Flórez, de Cambre, e ao instituto Afonso X O Sabio, da Barcala, polos premios que obtiveron, a nivel de Galicia. Manifesta que está orgullosa de que elixiran a dous colexios de Cambre. Engade que o premio do instituto Afonso X O Sabio é pola boa práctica de innovación



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

educativa na modalidade de mellora de convivencia nos centros educativos. No caso do colexio Wenceslao Fernández Flórez o premio é pola mellora do uso da aprendizaxe e do uso de linguas estranxeiras.

Para rematar a súa intervención, dona María Jesús González Roel informa que o campamento urbano terá lugar no Graxal, dado que no colexio Wenceslao Fernández Flórez, en Cambre, están a realizar obras.

Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa que o vindeiro xoves, día 19 de decembro, terá lugar a festa de clausura das escolas deportivas 2013. Engade que será no pavillón Sofia Toro, de Cambre.

Informes do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación

Don Felipe Andreu Barallobre informa que nas últimas datas chegou a un acordo cos representantes sindicais de persoal para establecer a produtividade do persoal municipal na cantidade de 712 euros. Engade que será proporcional cos días de asistencia ao posto de traballo.

Igualmente informa que a semana pasada chegou a un acordo co conserxe do colexio Wenceslao Fernández Flórez. Proponse o seu traslado ao campo de fútbol Dani Mallo polas mañás, onde tamén están as instalacións do voluntariado.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as once horas e vinte minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Manuel Rivas Caridad

A secretaria

María Luisa de la Red Ampudia